

XVIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

14 E 15 DE ABRIL DE 2016

Nas bocas do futuro:
mocidade e lingua



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Desde o ano 1998, o Consello da Cultura Galega vén organizando anualmente os *Encontros para a normalización lingüística*, un simposio no que se foron abordando de forma aberta e participativa, e desde múltiples perspectivas, cuestións teóricas, prácticas e estratéxicas relacionadas cos procesos e as políticas de normalización das linguas, co foco posto de maneira prioritaria na extensión do uso social da lingua galega.

Esta nova edición dos *Encontros* continúa en certo modo a anterior, pois, atendendo a un sentir maioritario dos asistentes a aquela, a comisión organizadora acordou volver poñer a atención sobre os comportamentos lingüísticos da mocidade, con novas achegas e puntos de vista complementarios dos ofrecidos en 2015. Preténdese abrir un debate multidisciplinar —desde os campos da psicoloxía, sociolingüística, socioloxía e ciencia política— sobre as razóns e factores que interveñen nos procesos de cambio de lingua da mocidade e no mantemento das súas escollas, tanto no ámbito da educación formal coma, sobre todo, no das relacións sociais.

Tamén serán obxecto de atención os recursos dixitais xerados para a promoción do uso do galego. Os *Encontros* foron sempre un espazo de difusión das experiencias normalizadoras, das demandas de ferramentas e das propostas máis innovadoras neste sentido. Na convición de que hai que dar pasos cara a diante, ábrese agora unha liña de avaliación dos recursos, que esperamos que teña continuación en posteriores edicións. De xeito complementario, vaise ofrecer unha mostra de recursos seleccionados segundo criterios de relevancia, actualidade e accesibilidade. É só unha pequena escolma que nos permitirá comprobar o valor da iniciativa institucional e asociativa arredor da normalización lingüística.

Por outro lado, a XVIII edición dos *Encontros* abre de novo a participación a través de dous grupos de Facebook. A experiencia anterior, con resultados moi positivos, mostrouse útil para xerar reflexións e debates enriquecedores, que se procurará continuar ao fío dos temas propostos nesta ocasión.

Hai xa case vinte anos que comezamos sen moitos receos este vieiro, e fixémoslo da man de persoas que se quixeron converter en colectivo. Con xa certa perspectiva, estimamos moi positivas as valiosas achegas que se fixeron neste foro de debate. Nesta nova edición, preparamos un programa que esperamos que sexa de interese, aínda sabedores de que un dos grandes valores dos Encontros é a xuntanza das persoas que se achegan cada ano a Santiago a reflexionar, repensar, verse e compartir.

PROGRAMA

XOVES, 14 DE ABRIL

SESIÓN DA TARDE

16:00 horas. Inauguración

16:30 horas

CONDUTAS LINGÜÍSTICAS: QUE MOVE A NOSA MOCIDADE?

Presenta: **Conchi Cochón**

Actitudes e conduta lingüística

Miguel Pérez Pereira. Psicoloxía evolutiva e da educación. Universidade de Santiago de Compostela

A muda lingüística: motivacións, identidades e ideoloxías

Fernando Ramallo. Lingüística xeral. Universidade de Vigo

18:00 horas. Pausa

18:30 horas

O comportamento lingüístico da mocidade: un debate cos protagonistas

Coordina: **Luís Cuntín**

20:00 horas. Peche da sesión

VENRES, 15 DE ABRIL

SESIÓN DA MAÑA

10:00 horas

RECURSOS DIXITAIS: AS SÚAS POTENCIALIDADES, AS SÚAS LIMITACIÓNS

Presenta: **Manuel Bermúdez**

10:15 horas

A era dixital: oportunidades para o galego

Eduardo Rodríguez Banga. Teoría do sinal e comunicacións. Universidade de Vigo

10:45 horas

Avaliación de recursos para a normalización lingüística: as tecnoloxías e os recursos lingüísticos

Presenta: **Rosario Pérez Magdalena**

Marcus Fernández. Webmaster de Código Cero

Xusto Rodríguez. Servizo de Normalización Lingüística. Universidade de Santiago de Compostela

12:15 horas. Pausa

12:45 horas

FAMILIA E ESCOLA: SEMENTES DE LINGUA

Presenta: **Valentina Formoso**

Estratexias para a transmisión interxeracional do galego no contexto familiar

Anik Nandi. Doutorando. Heriot-Watt University, Edimburgo / Instituto da Lingua Galega

A política lingüística no ensino: o papel dos docentes e ENDL

Marta Gómez Ocampo. Doutoranda.

Universidade de Santiago de Compostela

14:00 horas. Peche da sesión

SESIÓN DA TARDE

16:30 horas

O COMPORTAMENTO LINGÜÍSTICO DA MOCIDADE

Presenta: **Rosario Álvarez**

Håkan Casares. Observatorio da Cultura Galega. Consello da Cultura Galega

Xaquín Loredo. Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega

Luís Cuntín. Investigador social

18:00 horas. Pausa

18:30 horas

Usos e actitudes lingüísticas en contextos bilingües: potencialidades e limitacións do Sistema educativo

Cecilio Lapresta. Socioloxía. Universitat de Lleida

Presenta: **Gregorio Ferreiro Fente**

19:30 horas

Xente normal

María Lado e Lucía Aldao

20:00 horas

Conclusionís e clausura

ORGANIZA:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA. CENTRO DE DOCUMENTACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

COLABORA:

SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA. XUNTA DE GALICIA

COORDINACIÓN:

Rosario Álvarez Blanco
Manuel Bermúdez Blanco
Concepción Cochón Rodríguez
Xosé Gregorio Ferreiro Fente
Valentina Formoso Gosende
Susana Mayo Redondo
Henrique Monteagudo Romero
Nel Vidal Barral

LUGAR DE REALIZACIÓN:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

INSCRICIÓN:

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia aos Encontros.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

PARTICIPA TAMÉN NOS GRUPOS DE FACEBOOK

MÁIS INFORMACIÓN:

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

COLABORA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística